

Comentarios subidos ao blog do IES Sánchez Cantón no curso 2012-2013

Irmán do vento

O libro "Irmán do vento" gustoume. Utiliza un léxico sinxelo debido a que a historia está escrita como por un rapaz. O libro é moi fluído e ameno. Conta principalmente a historia dun rapaz iraquí que darase a coñecer a través dun arqueólogo. A historia está escrita dende o punto de vista do rapaz que ao comezar ten uns dez anos e irá acompañado por todos os sucesos históricos que ocorren en Iraq modernamente. A parte máis entretida do libro é ler a vida da tribo iraquí, tan diferente a nosa forma de vida é incomprendible de entender dende o mundo occidental, que a nos parécenos tan atrasada. Gustoume tamén que a estrutura do libro estivera tan ben escrita que fora capaz de captar ao lector e mantelo pegado ao libro. A parte máis dura do libro é a parte que fala da guerra, non é agradable ler o sufrimento das persoas que sofren as guerras. E para min a parte máis negativo do libro é a imparcialidade do libro, onde ao meu parecer ponnos aos occidentais como desalmados que unicamente movémonos polo diñeiro. **(Juan)**

Este libro conta a historia dun neno iraquí, Khaled. O neno escíbelle cartas ao fillo dun doutor galego que vive alí, e cóntalle todo o que vive día a día, de quen está namorado, que quere un cabalo ao que chamará "Irmán do vento", e todo o que lle ocorre na súa rutina. É un libro fácil de ler e entretido. Mostra as diferenzas e as dificultades que, en Iraq, como noutros moitos países por desgraza sofren. Case ningún neno vai a escola, e en cambio aquí, nos queixamos pola educación e non nos damos conta de que noutros países nin sequera teñen educación. Sen dúbida, o máis duro da historia é cando en Bagdad prodúcese unha guerra e o pai de Khaled desaparece, e posteriormente, despois de que o protagonista o busque por onde pode, decátase de que está morto. O protagonista é un neno que sen dúbida, loita polo que quere, isto o podemos ver na parte na que vai buscar ao seu pai a Bagdad el só e sen ter en conta as dificultades que terá para encontralo. Por outro lado, ao fin do libro, se despide dicindo que vaise a súa casa con cabalos que tanto quería e coa persoa que tanto quería desde facía xa tempo.

Sen dúbida que, no mundo existen moitas diferenzas, iso é algo que todos sabemos, pero neste libro móstranos aínda máis esas diferenzas e a forma de vida doutras familias tan diferentes ás nosas. Ademais, tamén nos mostra similitudes ao noso país, por exemplo, cando o pai de Khaled quere casarse de novo, despois de que a súa muller morrera, ao avó do protagonista parécelle mal e non o entende. Aínda que non o pareza, na nosa cultura iso tamén é algo común, cando alguén quédase viúvo e despois cásase, moita xente non entende como non pode seguir vivindo sen unha parella e gardándolle loito á persoa morta. Existen moitas opinións sobre isto, todas respectables, eu creo que a vida está para gozala, pero por moito que custe cando alguén se vai da nosa vida, o mellor é seguir adiante, sorrindo e sendo feliz coa xente que nos quere ao noso lado, sen pensar sempre nas persoas que xa non están. Finalmente, a forma na que o autor redacta o libro, é dicir, mediante cartas, creo que lle da esa sensación de querer seguir lendo ao lector.

Por todo isto, pareceume un bo libro e moi recomendable. **(Alba)**

Irmán do vento foi un libro que, sinceramente, entretívome bastante. É un libro que narra as miserias e as desgrazas da guerra, e a súa crueldade. Máis concretamente ás do Iraq. Aínda que sexan "xustificadas" o por "misións de paz". A historia é narrada por un neno iraquí dunha tribo que agora é sedentaria, e viven nunha pequena aldea. Humildemente, con un pouco de comercio, gandería, pastoreo ... Ese neno chamado Khaled cóntanos as súas inxedanzas, ilusións, sonos, alegrías e traxedias. Mentres el vains contando unha historia (fácil de ler porque os capítulos a modo de diario son moi levadeiros) podemos ver o comportamento de nerviosismo e inseguridade dun pobo que se sente invadido, a inseguridade duns soldados estranxeiros que se senten ameazados todo o tempo, as diferenzas entre as culturas cristiá e a musulmá, a situación de discriminación que sofren as mulleres nos países islámicos, etc. Finalmente, quero dicir que é un dos libros máis inxedantes e curiosos que lin para esta asignatura, polo menos ata o momento. Ademais, o libro déixanos unha idea de que hai que loitar polos sonos a pesar das circunstancias. Coma fixo Kaled. **(Pablo)**

Irmán do vento relata a parte da infancia e da mocidade dun neno iraquí, Khaled, que tras coñecer a noticia de que o seu pai desapareceu na guerra decide ir a buscalo aínda que o camiño sexa perigoso e máis para un neno de tan só 15 anos. O libro ten unha estrutura de diario escrito polo protagonismo a un neno que en realidade non existe, o suposto fillo de Al-galego (un arqueólogo español). Son como cartas sen resposta que o protagonista recopila nun libro xunto cun pequeno relato, que lle dá o

contrapunto a toda a novela. Nel, Khaled imaxina unha historia que a diferenza da súa, remata con final feliz. O que máis me chamou a atención do libro é que está ambientado nos anos 90, o que quere dicir que aínda que nos vexamos o tema da guerra como algo moi lonxe esta aí, relativamente "preto". Gustaríame recomendarlle este libro a todo o mundo porque a min me pareceu un dos mellores que lin neste curso. A historia, aínda que morre o pai acaba cun final feliz, o protagonista pasa a chamarse Sarif por medo a sufrir represalias dos americanos e consegue o que quere,afastarse da súa aldea co seu novo cabalo (Irmán do vento) e a súa namorada para montar unha granxa. Sen embargo, gustaríame coñecer máis cousas, pois o final do libro deixa pendentes moitas cuestións,nacerá san o seu irmán?, onde vai vivir?... En resumo, un libro con moralexa que invita a reflexionar sobre a sorte que temos. **(Cristina)**

Este libro "Irmán do vento" foi un libro que me fixo recapacitar sobre a sorte que temos de non sufrir unha guerra no noso país. Al-Galego cóntanos a historia que está vivindo durante a guerra de Irak na que se desfaría a familia de Khaled morrendo a súa nai dunha enfermidade e o seu pai durante a guerra de Bagdad, a cal foi recrutada para participar nela. Sinceramente esta foi a parte mais negativa do libro cando Khaled deixa de recibir cartas do seu pai e él decátase de que está pasando algo malo. Como dicía o principio este libro faite reflexionar, é un bo argumento para facer un comentario crítico sobre a vida da xente que vive nun país con guerra. Foi un libro doado de ler, pareceume corto xa que co argumento e como se desenrola a historia fan que non te aburras e non teñas a tentación de saltar algunha páxina. **(Alejandro)**

A miña valoración sobre este libro é moi positiva, gustoume moito, é unha boa historia que fai reflexionar a calquera que a lea e creo que reflicte moi ben a situación que teñen que vivir neses países que, como Khaled mesmo di, trátase de cousas que están a acontecer preto de nós aínda que asemella que ocorre moito máis lonxe e non nos decatamos da gran sorte que temos non só por non vivir en guerra, senón tamén por poder ir á escola, estudar o que queremos, alimentarnos, asearnos e vestirmos todos os días e tamén casarnos con quen queiramos.

Ademais de ser un libro que non ten moita extensión, é de fácil comprensión e ao tratarse de cartas non moi longas e ao ter tamén unha subhistoria nelas léese con rapidez. É apaixonante como o rapaz non perde as ganas e a esperanza por conseguir todo co que soña e que pouco a pouco obtén, conseguiu traer ao seu pai de volta a casa, consegue ter o seu tan desexado cabalo (Irmán do vento) que é o que lle da título ao libro, e queda en suspense se consegue que Amrah se desfaga do seu esposo e marche con el. Quedalle ao lector a esperanza de que isto si ocorra e o verdadeiro amor triunfe como na historia inventada que o neno lle vai contando a Alberte. A Alberte, neno inventado polo médico galego que vive no seu pobo ao cal colle agarimo, van dirixas as súas cartas con todos os acontecementos que lle van acontecendo, realmente semella un diario pero llo entrega a Al-Galego (así o chaman eles) de todas maneiras sabendo que non existe ese tal Alberte que el soñaba coñecer e tamén o seu mundo a pesares de estarlle collendo xenreira ao mundo occidental por culpa da guerra. A historia non queda pechada e o lector pode imaxinar distintos finais. Trátase para min dun moi bo libro, marcado pola loita e a esperanza de vivir do protagonista da que moitos temos que seguir os chanzos, recomendo sen dúbida a súa lectura. **(Beatriz)**

Irmán do vento é un libro abraiante, un dos mellores dos que teño lidos neste curso sen dúbida. Fainos reflexionar sobre os diferentes aspectos da vida,a guerra, as bágoas,a dor, a morte,a fame.. Comeza cunha introdución do doutor, que é galego e vai como arqueólogo a visitar Iraq. Alí coñece a un rapaz e a súa familia, coa que anos despois comparte o día a día , tomando a decisión de pasar alí os últimos días da súa vida. Logo,a narración continua coas cartas que o protagonista, o neno iraquí, Khaled, escribe ao suposto fillo do doutor, contándolle as súas fazañas. O tema principal é a guerra e as súas consecuencias,. A verdade é que nunca me parara a pensar no que ocorre noutros países, nin tan sequera imaxinei como sería a guerra, sooume sempre así como moi lonxano. Con esta lectura púxenme na súa pel, foi coma se estivese vivindo o que ao rapaz lle estaba a ocorrer. Trátase dunha lectura moi próxima, na cal te adentras con facilidade, supoño que debido a que fose o mesmo rapaz quen relatase os feitos, cunha linguaxe simple. Khaled,un rapaz inocente, que por desgraza lle tocou vivir nunha etapa de guerra no seu país. Resulta incríbel o egoísmo que hai no mundo, que por un pouquiño de petróleo os norteamericanos co apoio de España, neste caso sexan capaces de matar a milleiros de habitantes do Iraq. A parte máis emotiva do libro, a máis triste , a que máis che fai

reflexionar , é o momento no que Khaled recibe unha carta do seu pai, que se atopa combatendo en Bagdad, na guerra, o seu contido e as súas palabras son impresionantes. Ter un destino predeterminado e non poder facer nada por cambialo, ten que ser a cousa máis triste do mundo. Que un rapaz de 15 anos quede só, cós seus pais mortos é a peor sensación que ha de existir. Encantoume a valentía do rapaz, ao decidir ir en busca do seu pai desaparecido en Bagdad, nunha viaxe longa, el só, e coa cantidade de perigos que había debido a guerra. O seu obxectivo era atopalo, e se estaba morto, levalo ao seu fogar, e enterralo alí xunto aos seus, na súa terra. Fazaña impresionante e que grazas ao seu esforzo e empeño, o conseguiu, para iso ata arriscou a súa vida. Gustoume ese amor que sente cara ao seu pai, o respecto, o cariño da familia.. Vese reflectida tamén a súa madurez a partires do momento en que seu pai partiu combater na guerra. As circunstancias foron as que produciron ese cambio, esa madurez, a perda da inocencia. Comezou a ver a vida, tal e como era, coa cantidade de inxustizas. Facéndose mil preguntas sobre a vida ás que non atopaba resposta. Pero sen deixar atrás o seu soño, ter unha granxa con moitos cabalos, e loitar polo amor de Amrah, moza da que estaba namorado, e que, por desgraza ía casar obrigada cun mozo que nin coñecía. O final é aberto , pero suponse que consegue fuxir con ela, e comezar unha vida, acompañado do seu novo cabalo.

Impactoume o final, o xesto que tivo o pai de Khaled , xa que sabía que a guerra podería depararlle o peor, e decidiu encargarse con dous meses antes da súa morte o cabalo que lle prometera ao seu fillo polos anos e ao que ía chamar "irmán do vento". E que xusto o día do seu aniversario, aparece o vendedor co cabalo. É un xesto moi afectivo. Mesmo destacaría certas oracións que me chegaron fondo, que dan moito que reflexionar, como son : "Non consintamos que a realidade mate as nosas fantasías. Ás veces iso é o único que nos queda" "Os pequenos e os grandes feitos de cada día nunca son inútiles" E mesmo a cita do principio: " Dedicado ás rapazas e rapaces de calquera lugar aos que, no reparto da vida, só lles tocou a fame, o frío e a dor, o medo, as bágoas e a humillación. Porque non tiña que ser así. Nin ten por que ser". Sen dúbida é una novela que recomendaría a todos. En resumidas contas é impresionante. (**Naira**)